

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES A PASTORIZA DE VILANOVA DE AROUSA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou ca Confraría de pescadores A Pastoriza de Vilanova de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de pescadores A Pastoriza de Vilanova de Arousa para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

1.Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: Priorizarase o traballo manual tentando reducir o emprego de maquinaria pesada nos sitios nos que haxa marisco ou exista posibilidade de fixación larvaria. Nas zonas de fangueira, ou con tendencia ao enfangamento, empregarase o tractor e/ou máquina de chorros dende embarcación para tentar reverter este estado .

1.2. Control de depredadores/competidores: Vixilancia e detección de presenza de ouxas. Utilización de raeiras mediante permiso específico. Calado e retirada diaria das raeiras nas preamares. Para os gasterópodos depredadores: Vixilancia e detección de rastros de presenza ou actividade predatoria intensa e eliminación manual.

1.3. Control de exóticas: A alga *Gracillaria* será retirada mediante sachas, restrelos e cubos. Empregarase o tractor para o seu transporte e depósito nunha zona habilitada para o seu



posterior transporte a parcelas agrícolas onde se empregara coma abono. Realizarase un seguimento da expansión de *Magallana gigas* e de ser o caso poderase proceder á eliminación dos individuos detectados. Realizarase un rastrexo da presenza de posibles especies exóticas.

1.4. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos: retirada das algas en períodos de marea baixa e traslado a fincas agrícolas para empregalas coma fertilizante. Ademais das labores a man incluíranse labores de reforzo mediante embarcacións armadas con endeño que retirarán algas en zonas algo máis profundas. De maneira puntual, e en función do lixo que haxa, tamén se poderán organizar xornadas de retirada activa de lixo.

1.5. Rareos e traslados: Convócanse as mariscadoras que de maneira ordenada extraen marisco nun intervalo de tallas determinado depositándoo en caixas para o seu posterior traslado e sementeira a outras zonas.

1.6. Sementeira: Acondicionamento da área de sementeira mediante arado e sementeira manual.

1.7. Participación en accións de formación.

2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: As vixilancias organízanse en grupos de 2/3 persoas en todo o ámbito do Plan. Hai 84 grupos de vixilancia e cada día de traballo convócanse 14 grupos, que teñen asignada a mesma zona.

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: As mostraxes semestrais realízanse empregando calicata ou raño en zonas que non descubren coa marea. Realízase a recollida do marisco en puntos establecidos que posteriormente é separado por especies e medido. Os datos obtidos son procesados mediante o programa Arousa.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

– O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 1 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a confraría de pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

– O convenio asinouse o día 8 de xuño do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

